Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O pozo da torre do Castro

Contan que debaixo do pozo que esta xunto a torre de Sandiás (Ourense), hai unha habitación chea de ouro e que para poder coller ese ouro hai que sacar toda a auga a caldeiros. Despois hai que coller un ovo de pita negra e tirarllo na fronte do xigante que garda ese tesouro. Finalmente, só hai dez minutos para coller o ouro e marchar, senón afogas.

[Texto remitido por Paula Feijoo e Zaira (5ºP - CEIP de Sandiás), de Sandiás (Ourense).Publicado na revista do CEIP de Sandiás ¨O recuncho da Lagoa¨, curso 2009 - 2010]